

“Paxaros”, de Bruno Schulz

Urszula Mosiej

Bruno Schulz (1892-1942) é un escritor, artista gráfico, pintor, debuxante e crítico literario polaco de orixe xudía recoñecido como un dos maiores prosistas da Polonia do século XX. A súa narrativa destaca polo seu carácter poético, pola atmosfera de misterio, enigma e simbolismo; a linguaxe de Schulz está excepcionalmente desenvolvida, variada, chea de rexionalismos e arcaísmos.

“Paxaros” (“Ptaki”) é unha narración pertencente á obra *As tendas de cor canela* (*Sklepy cynamonowe*). Este relato constitúe un exemplo da estética onírica que caracteriza a todo o libro, onde os acontecementos non sempre se suceden de maneira lóxica e os feitos son presentados de maneira vaga e difusa, deixando ao lector a tarefa de decidir sobre a súa veracidade ou non.

En “Paxaros”, o narrador é un mozo que describe a súa vida diaria nunha cidade pequena moi parecida á cidade natal do autor, Drohobycz (desde principios do século XX, en territorio ucraíno). A historia, contada desde a perspectiva infantil do neno, presenta unha realidade deformada a través do mítico e o fantástico. Este relato curto mostra un dos motivos recorrentes na prosa de Schulz: o desexo do home de adquirir calidades divinas, de dar e controlar a vida. As aves representan tamén o poético, o espiritual, unha inxección de fantasía na vida dunha vila de provincias e dos seus cidadáns somerxidos na apatía e no tedio dos días invernaís. Schulz desmitifica o símbolo positivo das aves restándolle valor. A metamorfose inacabada do protagonista será, aos ollos dos demais, un síntoma da progresiva loucura que sofre e non unha expresión do anhelos artístico da súa alma sensíbel.




Foto: <http://brunoschulz.info/osoby/bruno-schulz/>

Chegaron os días de inverno, ocres e tediosos. A terra, cobreada, estaba cuberta por un furado, desgastado e demasiado curto mantel de neve. Non alcanzou para moitos dos tellados, sobresaíndo negros ou ferruxinosos, para os colmados e os arcos tellados¹ que agochaban faios afumados: negras, aborralladas catedrais cos seus costelares feitos de trabes, cangos e traveseiros de lintel como se fosen os pulmóns escuros das noites invernaís. Cada alborada desvelaba novas chemineas e buelas, medradas durante a noite, inchadas polos ventos nocturnos, negros pínfanos de órganos demoníacos. Os desenfeluxadores non podían liberarse dos corvos que, coma follas negras con vida propia, se sentaban ao atardecer nas pólas das árbores cerca da igrexa; despois levantábanse batendo as súas ás para, finalmente, sentarse de novo cada un no seu lugar e na súa póla e, ao amencer, voar en grande bandada: nubes de tisne, foulas de feluxe ondulantes e fantásticas tisanando co seu grallar os brillos da aurora de cor amarelo nubrado. Os días endurecéronse co frío e o tedio como os pans do ano pasado. Cortábanse con coitelos cegos, sen apetito, cunha somnolencia preguizosa.

O pai deixou de saír de casa. Metía na estufa, estudaba a natureza insondável do fogo, percibía o gusto metálico e salgado e o olor afumado das chamas invernaís, a caricia fresca das pínegas que lambían o tisne brillante da tragadeira da cheminea. Cunha paixón levaba a cabo todo tipo de reparacións nas partes altas do cuarto. En todas as horas se podía ver como, anicado na parte superior da escaleira, arranxaba algo no teito, nas cornixas das fiestras altas, nas bolas e cadeas das lámpadas colgadas. Igual que os pintores, usaba a escaleira como uns enormes zancos e así, naquela perspectiva de paxaro, sentíase ben, preto dun ceo pintado, dos arabescos e dos paxaros do teito. Afastábase cada vez máis dos asuntos da vida práctica. Cando a miña nai, inqueda e preocupada polo seu estado, tentaba interesalo cunha conversa sobre negocios ou pago das letras, escoitábaa distraidamente, cheo de ansiedade, con xestos espasmódicos na súa cara ausente. Ás veces interrompíaa coma cun meigallo para

correr até un recuncho do cuarto, pegar o seu oído a unha brecha do chan e poñer a orella levantando os índices de ambas as mans para dar a entender a importancia indiscutible do asunto. Daquela, non entendíamos o triste fondo destas extravagancias, o deplorábel delirio que maduraba no seu interior.

A miña nai non tiña ningunha influencia sobre el, aínda que, no entanto, o meu pai demostraba gran admiración e submisión para Adela². A limpeza do cuarto era para el unha cerimonia importante e apreciable e nunca descoidaba a súa asistencia, seguindo todos os quefaceres de Adela cunha mestura de medo e arrepío prateiro. A cada unha das súas tarefas atribuía un profundo e simbólico significado. Cando a moza, cuns movementos xuvenís e decididos, pasaba a vasoira polo chan, el ficaba extasiado, case ao límite das súas forzas. Entón, derramaba bágoas, ría caladamente e o seu corpo era sacudido por un voluptuoso espasmo de orgasmo. A súa hipersensibilidade ás cóxegas trastornábo. Bastaba que Adela dirixise para el o seu dedo cun xesto de facerlle cóxegas para que fuxise nun tolo pánico, atravesando todos os cuartos e pechando as portas detrás para, finalmente, caer cara a abaixo sobre a cama e retorcerse cunha risa convulsa provocada por unha imaxe interior que non podía resistir. Grazas a isto, Adela tiña sobre el unha autoridade case ilimitada.

Foi entón cando nos demos conta por primeira vez do interese apaixonado do meu pai polos animais. Ao principio era unha paixón tanto de cazador como de artista, quizais máis ben unha profunda simpatía zoolóxica dunha criatura por unhas formas de vida afíns pero tan diferentes, unha experimentación nos rexistros non probados da existencia. Só na fase posterior o asunto se volveu contra natura, de tal maneira, espantoso, complicado, esencialmente pecaminoso, que mellor non sacar o tema á luz.

Todo comezou coa incubación dos ovos de paxaros.

Con grandes dificultades e moito diñeiro importaba desde Hamburgo, Holanda e estacións zoolóxicas africanas ovos de aves

¹ Tipo construtivo rústico de revestimento de edificacións e de tellados. Componse de pequenas tellas (de madeira ou barro), encaixadas. En español, *tejuelo* ou *pizarrilla*.

² Adela é unha criada na casa dos protagonistas.

fertilizados que daba a incubar a enormes galiñas belgas. Era un traballo especialmente interesante tamén para min, esta saída do ovo dos pitiños, uns seres de fantásticas formas e cores. Parecía imposible imaxinar naqueles pequenos monstros con grandes e irrealis picos que xusto despois do nacemento se abrían de par en par cun piar patético do fondo das súas gorxas, nesta especie de réptiles de corpos lombudos, débiles e nus, aos futuros pavóns, faisáns, pitas do monte e cóndores. Colocada aquela rolada de dragón en cestas e algodón, erguían sobre o seu delgado pescozo as cegas cabezas cubertas por cataratas e grallaban sen voz coas súas mudas gorxas. O meu pai camiñaba polo lado dos estantes cun mandil verde coma un xardineiro que camiña ao redor dun viveiro de cactus e traía da nada aquelas vexigas cegas nas que palpitaba a vida, aquelas barrigas achacosas que unicamente percibían o mundo exterior a través da comida, aquelas excrecencias de vida que subían atoutiñadas cara á luz. Algunhas semanas máis tarde, cando aqueles brotes cegos de vida se abriron á luz, os cuartos enchéronse cun estrondo multicolor, cun rechouchío escintilante dos seus novos habitantes. Apousentábanse nos raís das cortinas, nas cornixas dos armarios, aniñaban na matogueira de brazos de estaño e arabescos das grandes lámpadas de araña que colgaban do teito.

Cando o meu pai estudaba os densos compendios de ornitoloxía e folleaba as láminas de cores, parecía que saían delas unhas pantasma plumíferas e enchían o cuarto co seu bater multicolor, con folerpas de púrpura, con flocos de zafiro, verdete e prata. Durante a alimentación, os paxaros formaban no chan un montículo oscilante cheo de cores, unha alfombra viva que se descompoñía cada vez que alguén irrompía imprudentemente, dispersándose en flores semoventes que ondulaban no aire para, finalmente, colocarse nas partes máis altas do cuarto. Quedoume especialmente gravado na memoria un cóndor, enorme paxaro co pescozo nu, a cara enrugada e cuberta de verrugas. Era un asceta delgado, un lama budista cheo dunha dignidade imperturbábel e todo o seu comportamento que se guiaba polo ríxido protocolo da súa nobre raza. Cando se situaba fronte ao meu pai, inmóbil nunha posición monumental de divindade exipcia, co seu ollo cuberto polas cataratas, que movía para cubrir a súa pupila e encerrarse completamente na contemplación da súa venerábel soidade, parecía có

seu imperturbábel perfil o irmán maior do meu pai. A mesma materia do corpo, dos tendóns e da pel enrugada e dura; a mesma cara reseca e osuda; as mesmas órbitas profundas e córneas. Incluso as mans do meu pai, largas e delgadas, coas uñas arqueadas, tiñan a súa analoxía coas garras do cóndor. Ao ver o paxaro durmido deste xeito, non podía evitar a impresión de encontrarme fronte a unha momia: a reseca, e por iso reducida, momia do meu pai. Creo que esa semellanza extraordinaria tampouco se lle escapou a miña nai aínda que entre nós nunca tocamos ese tema. É significativo que o cóndor e o meu pai usaban o mesmo ouriñal.

Non suficientemente contento coa incubación de novas especies, o meu pai organizaba vodas de paxaros no faiado: enviaba celestinas, ataba nos ocos e buracos da mansarda ás sedutoras e soidosas noivas até lograr que o tellado da nosa casa, un enorme tellado de dobre declive, se converteu nun verdadeiro albergue de paxaros, nunha arca de Noé á que chegaban criaturas aladas de todo tipo provindas dos países máis afastados. Incluso ben tempo despois da liquidación deste refuxio de paxaros mantívose no seu mundo aquela tradición da nosa casa e, na época das grandes migracións primaverais, seguían aparecendo no noso tellado nubes de grúas, pelicanos, pavóns e outras especies de aves.

Despois dun breve período de esplendor, aquela empresa tomou un xiro lamentábel. Ao pouco tempo fíxose necesario trasladar ao meu pai a dous cuartos do faiado que se utilizaban como almacenes. Ao amencer comezaba a chegar desde alí o clamor da voz dos paxaros. A consecuencia do eco que propiciaba o espazo baleiro baixo o tellado, as paredes de madeira dos cuartos do faio resoaban co murmuro, o bater de ás, o canto, o chilro e as chamadas amorosas. Deste xeito perdemos de vista ao meu pai durante varias semanas. Só ocasionalmente baixaba e entón podíamos notar que empequenecera e adelgazara. Ás veces, ao perder o control de si mesmo, saltaba da cadeira e, axitando os brazos como se fosen ás, emitía un canto prolongado mentres se lle velaban os ollos con cataratas. Despois, avergoñado, unía a súa risa coa nosa e tentaba de facer bromas sobre o ocorrido.

Un día, durante a limpeza xeral, Adela irrompeu de maneira inesperada no reinado de paxaros do meu pai. Nada máis abrir a porta, desesperouse co fedor con que as feces que

cubrían o solo, as mesas e o resto do mobiliario impregnaban o aire. Sen dubidalo, abriu rapidamente a ventá e, cunha longa vasoira arremuíñou aquela masa de aves. Formouse un tumulto infernal de plumas, ás e chíos en que Adela, coma una ménade³ furiosa, bailaba a danza da destrución. Xunto coa multitude de paxaros o meu pai axitando os brazos asustado

tentaba emprender o voo. Pouco a pouco aquel barullo de ás desapareceu e, no campo de batalla, só quedou Adela, cansa e arfante, e o meu pai, cunha expresión aflita e avergoñada, disposto a aceptar a súa completa derrota.

Pouco despois baixaba o meu pai as escaileiras do seu dominio: un home abatido, rei no exilio que perdeu o seu trono e o seu reino.

³ Na mitoloxía grega, as ménades son os seres femininos divinos relacionados co deus Dioniso, o deus do viño e da vendima; unhas mulleres loucas que formaban o seu cortexo.